

PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR COMPLEXO INDUSTRIAL SAN CIBRAO

Identificación e dirección do establecemento

Alúmina Española, S.A.

Planta de Alúmina-Aluminio San Cibrao, Lieiro s/n, San Cibrao


27890 – San Cibrao (Lugo)

As instalacións de Alúmina Española, S.A., situadas no concello de San Cibrao (Lugo), aínda que non están afectadas polas disposicións do Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, inclúense no PEE Complexo Industrial San Cibrao, por estar situada nas mesmas instalacións que Aluminio Español, S.A., empresa que si está afectada polo devandito R.D. A empresa facilitou á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a notificación contemplada no artigo 7 co contido establecido no apartado 1 de devandito artigo, así como o Informe de Seguridade indicado no artigo 10, apartado 1 do R.D. 840/2015.

Actividade do establecemento

Fabricación de alúmina.

SUBSTANCIAS SUSCEPTIBLES DE XERAR ACCIDENTES GRAVES

Nome	Frases H	Pictogramas
Fuel Oil	<p>H332 - Toxicidade aguda inhalación.</p> <p>H350 - Pode provocar cancro (por inhalación).</p> <p>H361d - Toxicidade para a reprodución.</p> <p>H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas.</p> <p>H410 - Toxicidade acuática crónica.</p>	

Posibles accidentes graves e os seus efectos

Nas instalacións que a empresa Alúmina Española, S.A., ten no concello de Cervp, está presente como substancia perigosa o Fuel Oil, substancia tóxica para as persoas e para os organismos acuáticos. Unha vez estudadas as análises dos riscos realizadas para as instalacións e os resultados dos cálculos para a definición das zonas de planificación, conclúese que ningunha hipótese estudada xera efectos no exterior das instalacións.

Actuación do establecemento en caso de accidentes graves

O industrial está obrigado a tomar as medidas axeitadas no emprazamento, incluído o contacto cos servizos de emerxencia, a fin de actuar en caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus riscos.

As actuacións de intervención no establecemento e a comunicación ás Autoridades Competentes están reflectidas no Plan de Autoprotección das instalacións.

Plan de Emerxencia Exterior

A Dirección de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, elaborou o Plan de Emerxencia Exterior Complexo Industrial San Cibrao, co obxecto de prever e no seu caso, mitigar, as consecuencias de posibles accidentes graves previamente analizados, clasificados e avaliados, e establecer as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación das autoridades, órganos e servizos chamados a intervir.


Este Plan de Emerxencia Exterior foi elaborado seguindo o indicado no artigo 13 do Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

Co obxecto de planificar una posible emerxencia defínense dúas zonas de actuación: unha zona de intervención, definida como aquela na que as consecuencias dun posible accidente producen un nivel de danos que xustifica a aplicación inmediata de medidas de protección, e unha zona de alerta, definida como aquela na que as consecuencias dun posible accidente provocan efectos, que aínda perceptibles pola poboación, non xustifican a intervención, agás para os grupos críticos da poboación.

Alerta e información á poboación

Ante unha situación no establecemento que puidera dar lugar a accidentes graves, alertarase e informarase á poboación afectada.

Os medios previstos son:

- A megafonía da Garda Civil e das agrupacións de voluntarios de Protección Civil, cando a situación o aconselle.
- Avisos a través dos medios de comunicación social: Radio Galega: 91.1 FM, Radio Nacional: 101.7 FM, @112Galicia , e calquera outro que se considere necesario.

MEDIDAS A ADOPTAR POLA POBOACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

- Segue con atención as instrucións das autoridades.



Última inspección

Segundo plan anual de inspección.

Pódese obter, previa solicitude, os datos acerca da última visita *in situ* e do plan de inspección, en:

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Xefatura Territorial de Lugo
Rúa Ronda da Muralla, nº 70
27071 Lugo

Información adicional

Se desexa consultar máis información pode dirixirse a:

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Xefatura Territorial de Lugo
Rúa Ronda da Muralla, nº 70
27071 Lugo